

A TARTARUGA VERMELLA

190

[Michaël Dudok de Wit, 2016]

ESTREA EN NUMAX: 13.01.2017 | SEN DIÁLOGOS | TODOS OS PÚBLICOS

La tortue rouge (2016, 80')

Dirección: Michaël Dudok de Wit

Guión: Michaël Dudok de Wit, Pascale Ferran

Montaxe: Céline Kélépikis

Dirección de arte: Julien De Man

Son: Alexandre Fleurant

Música: Laurent Perez del Mar

Produtora: Prima Línea Productions, Why Not Productions, Wild Bunch, CN4 Productions, Arte France Cinéma (Francia), Studio Ghibli (Xapón), Belvision (Bélxica)

Distribuidora: Karma Films

Formato de proxección: DCP 2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Sen diálogos

FILMOGRAFÍA

The Aroma of Tea, 2006

[curtametraxe]

Padre e hija, 2000

[curtametraxe]

Le Moine et le poisson, 1994

[curtametraxe]

Tom Sweep, 1992

[curtametraxe]

FESTIVAIS


Cannes 2016 (Premio especial do xurado Un certain Regard), Donostia 2016 (Perlas), Xixón 2016 (AnimaFICX)

SINOPSE

Historia muda sobre un naufrago nunha illa tropical deserta, poboada de tartarugas, caranguexos e aves. O filme conta as grandes etapas da vida dun ser humano. Debut na longametraxe do animador Michaël Dudok de Wit (gañador do Oscar pola súa curtametraxe *Padre e hija*). O famoso animador xaponés Isao Takahata (*O conto da princesa Kaguya*) traballa como produtor artístico.

«Unha das pezas de animación máis fermosas dos últimos tempos. Unha aventura que prescinde da palabra e xógao todo á imaxe para construír unha historia fermosísima»

Pablo G. Taboada. CINEMAÍA



A TARTARUGA VERMELLA

[Michaël Dudok de Wit, 2016]

“Ameazados pola imaxe bonita, é preciso gardar contacto coa emoción que a sostén”

Entrevista a Michaël Dudok De Wit
Por Didier Péron

Podemos ver *A tartaruga vermella* como un anti-Robinson, o náufrago que sobrevive na illa pero sen chegar a reconstruír as bases da vida en sociedade (curral, construción dunha casa, agricultura). Relín

Robinson Crusoe cando tiña 24 anos e, honestamente, é bastante tedioso. Quere levar a súa cultura e a súa relixión a unha terra virxe, e a min o que me interesa é o home que se contenta con ter un acubillo e medios de subsistencia rudimentarios colleitando froitas. O filme postula a harmonía do home coa natureza. A sinxeleza dunha praia, dun bosque, dun lago que podemos atravesar camiñando pola auga, e despois o profundo océano, aí está o que me atrae desde a infancia, a idea de estar só no medio destes elementos. E permitíndome soñar, posto que debuxei un bosque de bambús sobre a illa e sen haber palmeiras, pero francamente, non creo que o bambú poida sobrevivir nunha contorna tan salgada.

Fixo localizacións en illas tropicais?

Pasei unha estadía nas Seixeles. Tiven febre, lixeiras alucinacións nocturnas, e quedoume impregnado todo, a calor, os ruídos, os arrecendos. Non debuxaba, ía demasiada calor e había bichos molestando todo o tempo. Fixen miles de fotos. Tiña a necesidade de intentar capturar o xeito no que unha sombra topa cunha superficie, o movemento de resaca das ondas.

Como foi a relación de traballo cos xaponeses do estudo Ghibli? Para eles era arriscado, por primeira vez traballaban cun autor estranxeiro. Eu descubrín as limitacións de facer unha longametraxe. Sabía que sería difícil e fascinante a un tempo. Reunímonos moitas veces, fun a Tokio, Isao Takahata (cofundador do estudio) veu a París e traballamos por correspondencia. Ao principio déronme carta branca, non

querían interferir de ningún xeito, e incluso cando lles fixen consultas sorprendéronse. Fixeron suxestións, pero sempre lembrándome que era o meu filme e que debía escoller eu. Foron amábeis, detallistas e honestos, e comprensivos cando entenderon que o proceso sería máis longo do previsto, posto que traballei n’*A tartaruga vermella* de 2007 a 2011. Foron os xaponeses quen radicalizaron certas opcións como a retirada de todo diálogo, crendo que eu así o quería. O respecto que tiveron por cada escolla do autor, con independencia das consideracións comerciais, é impresionante.

Por que lle levou tanto tempo a realización do filme? Non son un ilustrador moi lento pero teño a necesidade de avanzar só, cun lapis e un papel. Primeiro revisei moito o guión, e despois fixo falta simplificar e depurar o story board. Probaba, desbotaba, reciclaba. Quería unha calidade de silencio, de pureza, unha película contemplativa, pero sen perder a atención do público. Ás veces atopábame en situacións onde non había conflito interno no relato e só restaba unha sorte de plenitude atmosférica, e outras onde había conflito pero tiña dificultades para representalo. Por exemplo, se un personaxe toma unha decisión importante, como non o vai explicar porque o filme non ten diálogos hai que atopar argucias visuais que dean conta dos dilemas, da súa capacidade de cambio...

É difícil non pensar no cinema de Terrence Malick ao ver *A tartaruga vermella*, esa idea dun edén ideal canto máis lonxe queda. Gosto dos filmes de Malick, aínda que non dos últimos. Presta atención ao que sentimos, especialmente ao lugar que filma, e por iso escolle non amosar máis que certas horas da xornada, o momento que precede a posta de sol, que dá unha luz incrível e sombras moi alongadas. Estamos sempre ameazados pola imaxe bonita, é preciso gardar contacto coa emoción que a sostén. Por exemplo, fun moi coidadoso á hora de reproducir as cores e o ambiente que hai xusto antes do amencer. Malick ten un lado cerebral, eu estou máis da beira da emoción. Gústame ler filosofía, pero non teño a necesidade de metela no filme.

Publicado en next.liberation.fr
Tradución: Olalla Cociña

NA LIBRARÍA NUMAX

***When Marnie was here*, Joan G. Robinson.**
Harper Collins [DVD]

***El cuento de la princesa Kaguya*, Isao Takahata.**
Estudio Ghibli [DVD] e [Blu-Ray]

***El viento se levanta*, Hayao Miyazaki.**
Vertigo [DVD]

***Porco Rosso*, Hayao Miyazaki.**
Estudio Ghibli [DVD]

***Ponyo en el acantilado*, Hayao Miyazaki.**
Estudio Ghibli [DVD]

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME